6. *Nova proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dun servizo do Centro de Atención aos Usuarios (CAU) da Deputación de Pontevedra unha vez acordado deixar sen efecto, con retroacción de actuacións, o acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno en sesión do dia 17/12/2021 (Acordo nº 14.31090) en cumprimento da resolución polo TACGAL do recurso interposto pola empresa SM Tecnología SL contra a súa exclusión do procedemento.(Resolucion TACGAL num 26/2022). (Expte.- 2021007082).*

O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno do día 04/06/2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dos servizos do centro de atención ao usuario (CAU) da Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato envíouse ao DOUE con data 9 de



xuño de 2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de xuño de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 15 de xullo de 2021 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- SM Tecnología, S.L.U. (C.I.F.- B-70348990).
- Econocom Servicios, S.A. (C.I.F.- A-28816379).
- Balidea Consulting & Programming, S.L. (C.I.F.- B-15850647).

Así mesmo na mesma data a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación available mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías a efectos da súa valoracion.

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, con data 19-07-2021, emitiu informe relativo a valoración dos criterios availables mediante xuízos de valor, das empresas admitidas e a Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 22/07/2021 en base o citado informe do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías acordou prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas procedendo a continuación, a Mesa de Contratación á apertura electrónica dos sobres C, correspondentes á documentación available mediante criterios automáticos. Os valores ofertados polas empresas admitidas constan na acta número 26/2021 da Mesa de contratación do dia 22/07/2021.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas admitidas, obsérvouse que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexía o procedemento, a oferta presentada pola empresa SM Tecnología, S.L.U. (C.I.F.- B-70348990) presentaba un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado polo que se lle requirió para que xustificara a súa oferta.

A empresa SM Tecnología SLU presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra dando traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para que emitan informe sobre a mesma. O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu sendos informes de data 31/08/2021 con (CSV) HUMX0ZJO0FENDJ4J e de data 21/09/2021 con (CSV) NOOEFETMONWZGSHK nos que se conclúe que o prezo ofertado por SM TECNOLOGÍA SL non está xustificado de acordo ao alcance do servizo e aos tempos de resposta propostos e pon en perigo a viabilidade técnica do proxecto.

Con data 1/10/2021 a Xunta de Goberno acordou excluír a oferta presentada pola empresa SM Tecnología S.L.U (C.I.F.- B-70348990) de acordo coa proposta da Mesa de contratación de data 02/09/2021 ao non explicar satisfactoriamente o prezo ofertado, presumindo polo tanto que non pode cumplir o contrato e adjudicar o contrato para a prestación dos servizos do centro de atención ao usuario da



Deputación de Pontevedra a empresa Balidea Consulting & Programming SL C.I.F.-B-15850647)

O 18/10/2021 a empresa SM Tecnología S.L.U (C.I.F.- B-70348990) interpuxo ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) recurso especial en materia de contratación contra a súa exclusión do referido procedemento de contratación por entender o órgano de contratación non adequadamente xustificada a súa oferta incusa en presunción de anormalidade.

Con data 15/11/2021 o TACGAL adoptou resolución sobre o citado recurso resolvendo estimar parcialmente o recurso interposto pola empresa SM Tecnología S.L.U (C.I.F.- B-70348990) indicando asimesmo que “*debemos aceptar a alegación do recurso e anular o acordo de adxudicación e exclusión impugnado, coa conseguinte retroacción do expediente da licitación pois o informe técnico no que se fundamenta carece da necesaria motivación e impidiu ao recorrente coñecer as causas da súa exclusión de modo que lle permitise formular concreta oposición a esos motivos a través da interposición dun recurso fundado*”.

Para dar cumprimento a mencionada resolución do TACGAL a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 26/11/2021, acordou anular o acordo da Xunta de Goberno de data 01/10/2021 de adxudicación que exclúe a empresa SM Tecnología S.L.U (C.I.F.- B-70348990) e retrotraer o procedemento de adxudicación ao momento de avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada polo licitador SM Tecnología, S.L.U. para a xustificación da oferta presentada, e coa finalidade de mellorar a motivación para a exclusión da empresa SM Tecnología SLU , emítese polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías con data 23/11/2021 e (CSV) I4NN5HM734TPRJM informe técnico sobre os perfís profesionais dos servizos do centro de atención ao usuario (CAU) da Deputación de Pontevedra no que se conclúe que “*o Servizo de Novas Tecnoloxías reitera a súa consideración de que o prezo ofertado por SM TECNOLOGÍA SL non está xustificado de acordo ao alcance do servizo e aos tempos de resposta propostos e pon en perigo a viabilidade técnica do proxecto*”.

En virtude de dito informe a Mesa de contratación en sesión celebrada o 02/12/2021 acordou propor a exclusión da empresa SM Tecnología S.L.U ao considerarse que a oferta que presentou non poida ser cumplida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo ofertado , e a adxudicación a empresa Balidea Consulting & Programming SL. Tendo en conta que dita empresa xa cumplimentou a achega da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 17/12/2021 acordou a exclusión da empresa SM Tecnología SL e a adxudicación a empresa Balidea Consulting & Programming SL.

Con data 11/01/2022 (Rexistro entrada 2022000696), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SM Tecnología, S.L.U. contra o referido acordo de adxudicación da Xunta de Goberno (acordo num 14.31090 do 17/12/2021).polo que solicita a anulación do acordo canto á súa exclusión



e a retroacción do procedemento ao momento anterior á admisión e clasificación das ofertas.

O TACGAL mediante resolución núm. 26/2022( que tivo entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra con data 02/02/2022 (Rexistro entrada 2022002536)) acordou estimar o recurso especial en materia a de contratación interposto pola empresa SM Tecnología SL contra o referido acordo da Xunta de Goberno de data 17/12/2021.

Para dar cumprimento a dita resolución do TACGAL a Xunta de Goberno en sesión celebrada o dia 01/04/2022 acordou deixar sen efecto o acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno núm. 14.31090, do día 17 de decembro do 2021 e retrotraer o procedemento de adxudicación ao momento da avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada pola empresa SM Tecnología, S.L.U. para a xustificación da oferta presentada.

O órgano de contratación considerou como elemento principal para determinar como valor anormal a oferta presentada por SM TECNOLOXÍA, S.L e acordar a súa exclusión, o incumprimento do convenio colectivo aplicable. Con todo o TACGAL na súa Resolución nº 26/2022, despois de analizar os documentos e as tarefas que o PPT lle asigna ao futuro adxudicatario non lle permiten alcanzar esa conclusión de vulneración do establecido nese convenio, o que unido ao resto de consideracións explicadas na Resolución determina que proceda a estimación do recurso presentado, coa anulación da exclusión impugnada e o reintegro do recorrente ao procedemento de licitación, que deberá continuar como proceda en dereito ata a súa conclusión. Debaendo o argumento principal no que fundamentaba a exclusión da oferta, propone aceptar a oferta de SM TECNOLOXÍA, S.L, efectuándose novamente o cálculo das puntuacións correspondentes aos criterios availables automáticamente sendo as seguintes:

Resultado da valoración do sobre C, de documentación available mediante fórmulas (criterios automáticos):				
Empresas	Prezo (Max 30)	Perfis propostos (Max 30)	Mellora ANS (Max 15)	Total Sobre C
Balidea Consulting & Programming SL	21,325	30,00	15,00	66,325
Econocom Servicios SA	13,818	30,00	15,00	58,818
SM Tecnología SLU	30,000	30,00	15,00	75,000

Tendo en conta as puntuacións correspondentes aos xuízos de valor aprobadas pola Mesa de contratación en sesión do día 22/07/2021 as puntuacións totais obtidas son as seguintes:



Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
SM Tecnología SLU	22,00	75,000	97,00
Balidea Consulting & Programming SL	21,50	66,325	87,825
Econocom Servicios SA	22,50	58,818	81,318

A vista das puntuacións totais obtidas a Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1 <sup>a</sup>	SM Tecnología SLU	97,00
2 <sup>a</sup>	Balidea Consulting & Programming SL	87,825
3 <sup>a</sup>	Econocom Servicios SA	81,318

2.- Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumplimentado o requerimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación dos Servizos do Centro de atención ao usuario (CAU) da Deputación de Pontevedra a empresa SM Tecnología SLU (C.I.F.- B-70348990).

7. ***Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación available mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Obra de rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostible I”. (Expte.- 2022002143).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 11 de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da ***"Obra de rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostible I”.***

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de marzo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescripcións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobre "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - CONSTRUCCIONES Y OBAS VAZAL, S.L.
  - MANTENIMIENTO, SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORÍA, S.L.
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobre "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Cooperación, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
8. ***Apertura electrónica do sobre único correspondente á documentación administrativa e documentación available mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muiño-Campañó, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)". (Expte.- 2021066733).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Régime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022001749 de data 15 de marzo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muiño-Campañó, dende o p.q.



0+000 ó p.q. 1+540 (*Concello de Poio*)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 15 de marzo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescripcións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- DESMACO, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:



LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	124.343,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	138.428,62 €	2%	20 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	133.800,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	128.843,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	138.842,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	136.464,21 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	137.202,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	132.354,26 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	129.900,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	135.001,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	129.386,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	131.699,45 €	3%	36 MESES	SI	SI
DESMACO, S.L.	126.516,73 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. e DESMACO, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexí este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

**9. Aprobación das valoracións dos sobres "B" correspondentes á documentación available mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada dos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra). O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación no DOUE e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/02/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570)
- Patrimonio Inteligente Castilla y León SL (CIF B-47755624).

O Director do Museo de Pontevedra D. José Manuel Rey Garcia e o Arqueólogo do Museo D. Rafael M<sup>a</sup> Rodríguez Martínez emitiron informe con data 05-04-2022 relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

		UTE Citania- Prospectiva- Gabinete	Patrimonio inteligente SL
<b>1</b>	<b>Metodoloxía e proposta de intervención</b>	<b>9,00</b>	<b>5,50</b>
1.1	Descripción da metodoloxía e os modelos de rexistro que se van a emplegar. (Max 4 ptos)	4,00	3,00
1.2	Proposta tecnolóxica de integración da información sobre unha base de datos xeoreferenciada. (Máx 4 puntos)	3,50	2,00
1.3	Descripción e programación dos traballos que se van a realizar. (Máx 2 puntos)	1,50	0,50
<b>2</b>	<b>Proposta de analíticas e estudos complementarios de investigación</b>	<b>7,50</b>	<b>4,00</b>
2.1	Programa de toma de mostras e analíticas (Max 4 puntos)	3,50	2,00
2.2	Proposta de estudos parciais e analíticos de cara a interpretar o rexistro arqueolóxico (Máx 4 puntos)	4,00	2,00



<b>B.3</b>	<b>Programa de fotografía, vídeo e fotogrametría dixital</b>	<b>7,00</b>	<b>7,00</b>
3.1	Proposta detallada de fotogrametría dixital xeoreferenciada. (Máx 5 puntos)	4,50	4,50
3.2	Proposta detallada de fotografía aérea e vídeo (Máx 3 puntos)	2,50	2,50
<b>4</b>	<b>Plan de Divulgación</b>	<b>3,00</b>	<b>2,50</b>
4.1	Elaboración dun programa de visitas guiadas á intervención para explicar e dar a coñecer os traballos que se desenvolven (Máx 2 puntos)	1,00	1,50
4.2	Elaboración dun programa de faladoiros ou charlas explicativas e informativas a desenvolver no Museo de Pontevedra, dirixidas á comunidade local para dar a coñecer o complexo monacal e o resultado dos traballos nel desenvolvidos, atendendo a tódolos ámbitos do coñecemento implicados no mesmo. (Max 1 punto)	1,00	0,50
4.3	Accións de comunicación en redes sociais.(Máx 1 punto)	1,00	0,50
<b>Total puntuación sobre B</b>		<b>26,50</b>	<b>19,00</b>

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Museo de Pontevedra, D. José Manuel Rey Garcia e do Arqueólogo do Museo, D. Rafael Mª Rodríguez Martínez de data 5 de abril de 2022 acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas que presentaron oferta para optar á adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara.

**10. Apertura electrónica dos sobres "C" corresponde á documentación available mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).**

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada nos sobre "B" polas empresas admitidas ao procedemento aberto para a contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do Servizo de elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara sendo estas as seguintes:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570)	26,50 Puntos
Patrimonio Inteligente Castilla y León SL (CIF B-47755624).	19,00 Puntos



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desencriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” polas empresas UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570) e Patrimonio Inteligente Castilla y León SL (CIF B-47755624) ao acadar ditas empresas unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (15,00 puntos).

Os valores ofertados foron os seguintes:

**Empresa:** UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570)

**1.- Prezo ofertado:**

Importe sen o IVE:	224.802,20 €
IVE (..... %):	...47.208,46. €
Importe total ofertado:	272.010,66 €

**2.- Ampliación da composición ou requerimentos do equipo de traballo (por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios):**

CRITERIO	Nº meses e técnicos ofertados
2.1.- Ampliación do persoal técnico especializado en arqueoloxía e/ou restauración, a maiores dos mínimos esixidos no compromiso de medios, directamente vinculados coa intervención, que teñan unha contribución efectiva e continua no seu desenvolvemento cunha dedicación mínima de 30 horas semanais.	Nº meses: 6 Nº técnicos:2

	CRITERIO	Nº traballos ofertados a maiores dos mínimos esixidos
2.2	Traballos de escavación/sondaxe manual de xacementos arqueolóxicos, dirixidos polo axudante de dirección nos últimos 5 anos a maiores dos 3 traballos esixidos como mínimo.	4



2.3	Traballos de lectura estratigráfica de paramentos realizados polo/a arqueólogo/a responsable destes traballos a maiores dos 2 traballos esixidos como mínimo.	4
2.4	Traballos nos que a persoa proposta como responsable de restauración participou como restaurador en traballos de conservación-restauración en escavación arqueolóxica nos últimos 5 anos a maiores dos 3 traballos esixidos como mínimo.	4
2.5	Traballos ou estudos nos que participou o/a antropólogo/a forense nos últimos cinco anos baseados en restos óseos procedentes de intervencións arqueolóxicas, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4
2.6	Traballos ou estudos de arquitectura medieval monacal nos que participou o/a historiador/a da arte nos últimos cinco anos, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4
2.7	Traballos ou estudos de baleirado documental de archivos civís ou eclesiásticos nos que participou o/a documentalista nos últimos cinco anos, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4

### 3.- Ampliación do alcance da proposta sen incremento de orzamento.

CRITERIO	Nº sondaxes ofertadas a maiores
Número de sondaxes arqueolóxicas manuais de 2x2 metros ofertadas a maiores das esixidas como mínimo no prego de prescripcións técnicas.	4

**Empresa:** Patrimonio Inteligente Castilla y León SL (CIF B-47755624

#### 1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	222.710,75 €
IVE (..... %):	...46.769,25 €
Importe total ofertado:	269.480,00 €

#### 2.- Ampliación da composición ou requerimentos do equipo de trabalho (por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios):

CRITERIO	Nº meses e técnicos ofertados
2.1.- Ampliación do persoal técnico especializado en arqueoloxía e/ou restauración, a maiores dos mínimos esixidos no compromiso de medios, directamente vinculados coa intervención, que teñan unha contribución efectiva e continua no seu desenvolvemento cunha dedicación mínima de 30 horas semanais.	Nº meses: 6 Nº técnicos:2



	CRITERIO	Nº traballos ofertados a maiores dos mínimos esixidos
2.2	Traballos de escavación/sondaxe manual de xacementos arqueolóxicos, dirixidos polo axudante de dirección nos últimos 5 anos a maiores dos 3 traballos esixidos como mínimo.	4
2.3	Traballos de lectura estratigráfica de paramentos realizados polo/a arqueólogo/a responsable destes traballos a maiores dos 2 traballos esixidos como mínimo.	4
2.4	Traballos nos que a persoa proposta como responsable de restauración participou como restaurador en traballos de conservación-restauración en escavación arqueolólica nos últimos 5 anos a maiores dos 3 traballos esixidos como mínimo.	4
2.5	Traballos ou estudos nos que participou o/a antropólogo/a forense nos últimos cinco anos baseados en restos óseos procedentes de intervencións arqueolóxicas, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4
2.6	Traballos ou estudos de arquitectura medieval monacal nos que participou o/a historiador/a da arte nos últimos cinco anos, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	1
2.7	Traballos ou estudos de baleirado documental de arquivos civís ou eclesiásticos nos que participou o/a documentalista nos últimos cinco anos, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	1

**3.- Ampliación do alcance da proposta sen incremento de orzamento.**

CRITERIO	Nº sondaxes ofertadas a maiores
Número de sondaxes arqueolóxicas manuais de 2x2 metros ofertadas a maiores das esixidas como mínimo no prego de prescripcións técnicas.	12

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar estas ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación das fórmulas previstas, realice o requerimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

**11. Aprobación das valoracións dos sobres "B" correspondentes á documentación available mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación**



**dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2022001120 de data 15 de febreiro de 2022, aprobase o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato envíouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de febreiro de 2022, aparecendo publicado o día 23 de febreiro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 038-097418), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de febreiro de 2022. Na mesma data tamén figurán publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescripcións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, con data 05 de abril de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)
1. Descripción detallada do servizo, máximo 15 puntos.	13,500
a) Proposta de metodoloxía e xestión de incidencias para a prestación do Servizo, máximo 9 puntos.	8,000
b) Plan de traballo, máximo 3 puntos.	3,000
c) Plan de calidade, máximo 2 puntos.	1,500
d) Plan de formación, máximo 1 punto.	1,000
2. Equipos, accesorios e software a fornecer, máximo 15 puntos.	12,000
<b>PUNTUACION SOBRE B</b>	<b>25,500</b>

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, de data 5 de abril de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra.



**12. Apertura electrónica dos sobres "C" corresponde á documentación available mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola única empresa presentadas e admitidas ó procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra, e que é a seguinte:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)	25,500

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a conclusión do devantido acordo marco e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (15 puntos) en función dos criterios non availables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

1. Prezo por copia:

CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS / SEN IVE)
PREZO COPIA EN COR, SEN IVE	0,02440€
PREZO COPIA EN B/N, SEN IVE	0,00001€

2. Prezos de arrendamento mensual por unidade e tipo de dispositivo ofertados (en euros/sen ive)

PREZO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5	EQUIPO I6
PREZO EQUIPO	9,95€	21,95€	39,95€	45,95€	49,95€	179,95€



PREZO BANDEXA DE PAPEL OPCIONAL A4 500 FOLLAS	4,95€	7,95€	11,95€	11,95€	19,95€	19,95€
PREZO MOBLE ACCESORIO	3,95€	3,95€	3,95€	4,95€	Non aplicable	Non aplicable
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL500 FOLLAS, 1 POSICIÓN GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	12,00€	12,00€	12,00€
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL1000 FOLLAS, 3 POSICIÓN S DE GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	15,00€	15,00€
PREZO ALIMENTADOR SOBRES	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	5,00€	5,00€
PREZO PLACA DE FAX	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	18,95€	18,95€	18,95€

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar esta oferta incusa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requerimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

**13. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación available mediante xuízos de valor, do procedemento convocado para a contratación, mediante concurso público, do arrendamento dun inmoble en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra.**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial do día 14 de marzo do 2022, aprobouse o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do *arrendamento dun inmoble en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 54 e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 18 de marzo de 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescripcións técnicas particulares.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación available mediante xuízos de valor presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir a empresa que presentou oferta a este procedemento, e que é a seguinte:
  - OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815)
2. Trasladar a documentación técnica presentada pola referida empresa ao servizo de Museo de Pontevedra, para que avalíe e pondere a proposta seguindo os criterios de adxudicación non automáticos establecidos no prego administrativo regulador do procedemento.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

